



argos

CREANDO EQUIPOS
EMPRENDEDORES

'23



BASES DO PROGRAMA
XI EDIÇÃO




Colaboran:



BASES DO PROGRAMA

ARGOS 2023
XI EDICIÓN



1. PRESENTACIÓN

O programa ARGOS é unha iniciativa da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) da USC. O seu obxectivo é sensibilizar e adestrar estudantes e investigadores da USC no proceso de elaboración do plan de negocio e promover a creación de empresas na comunidade universitaria. Tomando como eixes o “traballo en equipo” e o “aprender facendo”, acompáñase aos emprendedores no proceso de definición dunha idea de negocio, e avalíase a súa capacidade de chegar a un proxecto empresarial convincente.

Unha idea chave do programa é que a complementariedade de perfís persoais e profesionais incide na eficiencia e eficacia do traballo e, polo tanto, na posibilidade de obter mellores resultados. Facilitase aos participantes acceso a espazos de traballo colaborativo (*co-working*).

Os proxectos seleccionados contarán cunha achega económica para a súa constitución.

O programa conta co apoio do Banco Santander.



2. OBXECTIVO

As seguintes bases teñen por obxecto establecer as normas que regularán o funcionamento do Programa ARGOS na súa Edición 2023.

3. DESTINATARIOS

Poderán participar no Programa ARGOS os seguintes colectivos pertencentes á USC:

- Alumnado dos dous últimos anos de licenciatura ou grao.
- Alumnado de posgrao, máster ou doutoramento.
- Persoas egresadas das últimas catro promocións.
- Colaboradores e colaboradoras ou persoal integrado en grupos de investigación.

4. INSCRICIÓNS

A inscrición estará aberta ata o **24 de outubro de 2023**. Durante este período as persoas interesadas deberán inscribirse no seguinte enderezo aportando o seu *curriculum vitae* e, no caso de querer participar cunha idea propia, unha pequena descrición da mesma:

<https://www.usc.gal/es/servicios/area/valorizacion-transferencia-emprendimiento/emprendimiento/apoyo-emprendimiento-comunidad-universitaria>



5. IDEAS DE NEGOCIO

Porase a disposición de tódolos inscritos:

- Unha carteira de resultados de investigación da USC (patentes, software, *know-how*, etc.)
- Unha relación de ideas de negocio aportadas polos participantes que teñan o seu propio proxecto empresarial.

Sobre estes resultados de investigación ou ideas de negocio propias traballarase ao longo do programa e, se fose o caso, poderase chegar a constituír unha empresa.

6. ESTRUTURA

- **FASE O: ENTREVISTA PERSOAL E SELECCIÓN DE PARTICIPANTES**
- **FASE I: PRESENTACIÓN DE IDEAS DE NEGOCIO E CONSTITUCIÓN DE EQUIPOS**
- **FASE II: SESIÓNS FORMATIVAS E ADESTRAMENTO PARA O TRABALLO EN EQUIPO**
- **FASE III: DESENVOLVEMENTO TORIZADO DO PLAN DE EMPRESA**



FASE O: ENTREVISTA PERSOAL E SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Entre o **25 e o 27 de outubro** realizarase unha entrevista persoal con cada unha das persoas inscritas no programa coa finalidade de realizar a selección final de participantes e ideas propias a presentar.

A notificación da selección final realizarase o último día das entrevistas (27 de outubro) mediante contacto vía e-mail ós candidatos seleccionados.

FASE I: PRESENTACIÓN DE IDEAS DE NEGOCIO E CONSTITUCIÓN DE EQUIPOS

O **30 de outubro**, a organización do programa e/ou nalgún caso os propios investigadores e investigadoras exporán brevemente os resultados de investigación postos a disposición polo programa ARGOS. Así mesmo, os participantes que propuxesen a súa propia idea de negocio e que conte coa aprobación da organización na fase anterior (a organización resérvase o dereito de selección das ideas propias a participar) farán unha breve presentación da mesma.

Ditas presentacións realizaranse ante todos os participantes coa finalidade de que dispoñan de información suficiente sobre os mesmos. Os participantes terán de prazo **un día**, para comunicar á organización o(s) proxectos(s) nos que están interesados co obxecto de formar os equipos.

O **3 de novembro**, a organización do programa fará unha proposta de asignación de equipos intentando satisfacer as preferencias dos participantes. Tendo sempre en conta que o grupo óptimo está formado por entre 3 e 5 persoas e que, na medida do posible, cada equipo deberá contar polo menos cun participante con coñecementos previos de xestión e administración de empresas. Calquera cambio sobre a proposta presentada deberá estar debidamente xustificado e deberá ser aprobado pola organización.



FASE II: SESIÓNS FORMATIVAS E ADESTRAMENTO PARA O TRABALLO EN EQUIPO

A segunda fase do Programa ARGOS desenvolverase o 6 de novembro. **Na que terá lugar unha sesión de adestramento en exterior** no que ao longo dunha mañá se potenciará a dinámica de traballo en equipo.

FASE III: DESENVOLVEMENTO TITORIZADO DO PLAN DE EMPRESA

Os equipos, baixo a titorización de persoal experto asignado polo programa ARGOS, desenvolverán o seu plan de empresa, vinculado á idea ou resultado elixido, que deberán entregar ao final desta etapa e que conterá como mínimo os seguintes apartados:

- Resumo executivo
- Presentación do proxecto e o equipo
- Viabilidade técnica
- Viabilidade comercial
- Viabilidade económico financeira

O persoal experto traballará de forma individualizada con cada equipo, planificando ademais o seguimento do proxecto, durante o cal traballaranse aspectos tales como a definición de modelos de negocio, estudo de mercado, accións comerciais, planificación económico financeira, e todas aquelas que se consideren oportunas para elaborar un plan de negocio apto.



Os equipos que desenvolvan un plan de empresa con un mínimo de calidade poderán entregar **ata o 15 de decembro** o seu proxecto e, posteriormente, terán que presentalo ante un Xurado formado por representantes da USC e das entidades colaboradoras que terá en conta os seguintes criterios:

- Viabilidade do proxecto empresarial
- Probabilidade de constitución da empresa
- Carácter innovador
- Grao de madurez do proxecto
- Potencial de xeración de emprego
- Presentación ante o xurado

Os equipos terán acceso a espazos dedicados ao “*co-working*” que estarán distribuídos no Edificio EMPRENDIA.

Adicionalmente, ao longo desta fase poderanse realizar outras accións formativas complementarias centradas no Plan Económico Financeiro e en Modelo de Negocio.



7. PREMIOS

Establécense dúas categorías de premios:

- **ARGOS SPIN** a proxectos empresariais xurdidos a partir dalgún dos resultados de investigación xerados na USC.
- **ARGOS ENXEÑO** a proxectos empresariais xurdidos de ideas de negocio aportadas polos participantes no programa.

Concederase un premio para cada categoría.

Cada un dos premios consistirá en:

- 3.000 euros (50% a repartir entre os membros do equipo premiado e 50% para a empresa xurdida do programa ARGOS sempre que sexa constituída nos seguintes 12 meses ao fallo do Xurado). **O tempo para a comunicación á organización do programa da intención de constitución ou non da empresa será de 4 meses dende o fallo do xurado e farase por escrito.**

A organización resérvase o dereito de declarar deserto un ou varios premios se os proxectos non reúnen as condicións necesarias para seren premiados.



8. REQUISITOS PARA O PAGAMENTO

Os pagamentos efectuaranse mediante ingreso en conta. Para efectuar o pagamento os premiados deberán acreditar o cumprimento das bases e achegar a documentación requirida (Fotocopia do DNI, datos bancarios, dirección, documento de aceptación do premio, etc..). No caso da parte correspondente ás empresas, deberase acreditar así mesmo a súa constitución e o inicio de actividade. Os pagamentos estarán suxeitos aos impostos e retencións legalmente establecidos.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente convocatoria supón a aceptación destas bases, sen salvedades nin condicionantes, así como calquera resolución que se puidera producir. A interpretación das bases correspóndelle á organización. A decisión do xurado será inapelable.

A elaboración do documento de plan de empresa compromete a todos os membros do equipo a que a información entregada é orixinal e fidedigna.

A participación na elaboración do plan de empresa non xerará dereito a participar no capital social da mesma, correspondendo esta decisión á USC e ás persoas ou institucións propietarias da idea.

En calquera caso recoñécese a tódolos participantes como autores do documento.



10.IMAXE

Os participantes no programa ARGOS autorizan e aceptan a publicación do súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa. Calquera participante poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

11.PARTICIPACIÓN

A organización reservase o dereito de excluír do programa a calquera participante que non amose interese no mesmo nin colabore coa equipa da que forman parte.

12.CAMBIOS NAS BASES

A Organización reservase o dereito de realizar algún cambio nas bases se así o considerara, debendo comunicalo na web e informar debidamente a todas as persoas implicadas.



13. CONFIDENCIALIDADE

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e ideas aportados polas candidaturas presentadas. En calquera caso, poderanse difundir características xerais e no seu momento, o nome dos proxectos gañadores, o seu logo, a súa actividade, principais logros e o nome das persoas integrantes do equipo promotor.

Os participantes comprométese a gardar confidencialidade sobre os resultados de investigación da Universidade de Santiago de Compostela postos á súa disposición, sempre que non sexan de dominio público.



ar
gos '23

CREANDO EQUIPOS
EMPRENEDORES